

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) PARA A FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA DO
PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA E DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE
XUSTIZA PARA O ANO 2017**

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017

REÚNENSE:

- , conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG núm. 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- , directora da Escola Galega de Administración Pública, nomeada no Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG núm. 134, do 13 de xullo) que actúa en nome e representación desta en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, que modifica a Lei 10/1989, do 10 de xullo.

EXPOÑEN:

1. Que as dúas partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto nas seguintes normas:

a) A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que, en desenvolvemento

das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e máis do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1).

b) Así mesmo, o artigo 11 da citada lei contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

c) A vixente Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, establece entre os seus fins, organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración pública da comunidade autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega -artigo 3.1.c) e i)-.

2. Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, o día 22 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade. O dito plan contén, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Consegir unha mellora nas actitudes do persoal ao servizo das administracións públicas cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren, en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo profesional.
- Consegir que todos os procesos institucionais de formación e actualización do persoal ao servizo da Administración se desenvolvan de tal maneira que logren mellorar a competencia técnica en galego e as actitudes favorables a esta lingua.

O plan prevé tamén unha serie de medidas concretas para acadar os citados obxectivos, como:

- Programar novos procesos de formación lingüística do persoal ao servizo das administracións públicas que teñan como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e o coñecemento do vocabulario técnico específico.

- Redeseñar os cursos de actualización técnica do persoal ao servizo das administracións públicas de xeito que, fóra de casos extremos, esa formación técnica se imparta en lingua galega.

- Reforzar o papel da Escola Galega de Administración Pública, para o cal se creará un departamento que planifique a formación lingüística na súa actividade, de xeito que todos os cursos técnicos se dean en galego ou que, polo menos, se reserve un 25% das clases para facilitarlle ao alumnado toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida senón tamén a actitude positiva cara á lingua.

- Establecer unha conexión permanente da Escola Galega de Administración Pública co Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en Lingua Galega (Termigal) e cos demais centros que traballan en terminoloxía lingüística.

3. Así mesmo, as partes manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia.

4. Que é obriga e vontade expresa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Escola Galega de Administración Pública potenciar o uso do galego no ámbito da Administración autonómica nos termos indicados nas normas anteriores.

5. Que consideran e recoñecen as competencias mutuas. Así, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten, entre outras, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, e a Escola Galega de Administración Pública, as de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e promoción e difusión do idioma galego.

6. Que, co fin de materializar a cooperación para potenciar o uso do galego e de acordo coas circunstancias que así o aconsellan, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Escola Galega de Administración Pública acordan subscribir este convenio de colaboración para o ano 2017, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:**Primeira.- Obxecto**

Este convenio establece as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante Consellería) e a Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) para potenciar actividades de normalización do uso do galego na Administración autonómica, especialmente no eido da formación do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades locais galegas, da Administración de xustiza de Galicia, dos entes instrumentais do sector público autonómico, das institucións públicas autonómicas e do persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas, para o ano 2017.

Segunda.- Actividades

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a EGAP comprométense a colaborar para impartir cursos de formación en linguaxes específicas: linguaxe administrativa galega e linguaxe xurídica galega, niveis medio e superior, para o persoal sinalado na cláusula primeira.

Para a execución das anteriores actuacións, a EGAP, dentro da programación das actividades de formación para o ano 2017, inclúe unha oferta formativa de 26 cursos de linguaxes específicas para os colectivos que forman parte do seu Plan de formación.

Terceira.- Programación e selección do alumnado

A EGAP realizará a programación específica dos cursos de acordo coas necesidades de formación do persoal referido na cláusula primeira e determinará as localidades, horarios, lugares e modalidades onde se impartirán os cursos. Así mesmo, corresponderalle a selección do alumnado asignado a cada curso segundo os seus propios criterios de selección e a oferta de prazas dispoñibles.

Os cursos que se programen ao abeiro deste convenio de colaboración impartiranse de conformidade co establecido na Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24 de xuño).

O número de participantes por curso non poderá ser inferior a 20 nin superior a 30. No

caso de que resulten prazas vacantes, estas ofreceránselles aos solicitantes que non obtivesen praza na selección inicial.

Cuarta.- Financiamento

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

- A Consellería asumirá o financiamento e a xestión dos gastos do profesorado de seis cursos por un importe de 25.110 euros, con cargo ás aplicacións 10.60.151A.133.00 e 10.60.151A.160.33 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, así como dos gastos de coordinación correspondentes a estes seis cursos por un importe de 1.800 euros, con cargo á aplicación 10.30.151A.640.2.

A Consellería asumirá tamén a xestión do gasto do profesorado dos restantes cursos (vinte), para o que a EGAP lle efectuará unha transferencia de crédito por un importe de 83.700 euros.

- A EGAP asumirá o financiamento dos gastos do profesorado de vinte cursos por un importe de 83.700 euros, así como o financiamento e a xestión dos gastos de coordinación correspondentes a estes vinte cursos por un importe de 6.000 euros, con cargo á aplicación 05.80.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Quinta.- Profesorado

A Consellería, a proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designará o profesorado encargado de impartir os cursos de entre as persoas que se atopen na situación de execución provisional e/ou firme das sentenzas recaídas que declaran a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo da Xunta de Galicia, e realizará todos os trámites legais necesarios para a súa contratación, que se efectuará segundo a modalidade contractual que en cada caso sexa pertinente.

Sexta.- Comunicación e publicidade

Nos anuncios e publicacións desta convocatoria de cursos en calquera medio audiovisual e de comunicación farase referencia á colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a EGAP. Deberán figurar, con igual rango e consideración, os logotipos de

ambas as dúas institucións.

A EGAP remitiralle a programación á Consellería para que a publique na web <http://www.lingua.gal>.

Sétima.- Balance

Ao remate do exercicio, a EGAP remitirá unha memoria, por duplicado, cun balance final da actividade, que recolla o número de cursos, o número de alumnos e outros datos de interese como as enquisas de avaliación do profesorado e o grao de satisfacción do alumnado.

Oitava.- Expedición de certificados

O certificado de aptitude do alumnado que supere os cursos será expedido de forma conxunta pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e pola EGAP.

Novena.- Normalización lingüística

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio faranse de conformidade coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo). Así mesmo, respectarase a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Décima.- Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión para o seguimento das accións previstas neste convenio, que estará composta polo secretario xeral de Política Lingüística, a directora da EGAP e as persoas que ocupen as xefaturas dos servizos encargados da formación en cada unha destas institucións.

Esta comisión estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na execución deste convenio e poderá estar asistida polo persoal técnico necesario. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Comisión de avaliación

Constitúese unha comisión de avaliación para estudar as reclamacións presentadas en relación coa cualificación outorgada nos cursos, que estará formada polo/a subdirector/a

xeral de Política Lingüística, o/a coordinador/a dos cursos de linguaxes específicas e un/unha lingüista da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A comisión emitirá un informe que servirá de base para a resolución de calquera tipo de reclamación.

Décimo segunda.- Vixencia

A vixencia deste convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, agás que sexa denunciado, por escrito, por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, alomenos cun mes de antelación.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínase este convenio por cuadruplicado no lugar e na data mencionados.

O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

A Directora da Escola Galega
de Administración Pública